

PREGÓN DE 1988

*Pronunciado na igrexa de
San Francisco-Santiago, o sábado, día 26 de marzal*

Por Fausto Galdo Fernández †

*¡Señor Xesús que dende a ara presides esta xuntanza!
¡Persoeiros da igrexa, das confradías e do concello de Viveiro!
¡Xentes que vides a escoitar iste meu pregón!
¡Miña muller, meus fillos, meus irmáns!
¡Benvidos todos a casa de Deus!*

Agradezo as garimosas verbas do meu presentador, a meirande parte inmerecidas, non paso de ser un modesto menciñeiro que levado de seu insensato amor a terra, esqueceuse das súas limitacións. Pregolles perdón por ocupar hoxe esta tribuna.

Non vou a poder aportar novos datos sobor das tradicións e costumes da nosa Semana Santa, os devanceiros que tiven neste oficio, persoeiros de gran capacidade, coñecementos e dotes de investigación, fixeron un traballo a o que non poido facer parangón. A miña percura polos seus escritos, polas coleccións de pregóns e polos libros que sobor de *Viveiro*, os fillos de *Tomás Galdo*, gardamos con amor e saudade, aportaron moi pouco que non estivera xa dito. Máis eu quero pensar que non foi a miña hipotética erudición a que fixo que os persoeiros da Semana Santa me escolleran para iste oficio. Quero interpretar que influíu neles o mirarme dalgún xeito a min, e os meus, coma “telón de fondo” de esa *ágora* que é a nosa *Praza Maior* donde se celebran as mais importantes manifestacións populares de Viveiro. Dende a Semana Santa o Corpús, das verbenas, a Mostra, dende a venda ambulante, as manifestacións de protesta diante do concello.

Telón de fondo que como xa cantou Leal Insua na súa prodixiosa interpretación da nosa Semana Santa, cando se refire as monxas do asilo nas fiestras dos froiláns que as trouxeran a Viveiro.

A praza é un *ágora*, din os urbanistas que *ágora* e un punto de encontro e de xuntanza, e a nosa praza cumpre a perfección con esa misión, e como decía a nosa casa, a *casa dos Galdo* e a dos *Froiláns*, forma parte do telón de fondo da *ágora*, e esa circunstancia xeográfica xugou sen dúbida no inconsciente dos homes das confradías e fanme hoxe estar ante vostedes.

No meu ánimo ao aceptar esta responsabilidade pesou moito o poeta que dende o medio da praza, dalle xeito. Eu, como él, quero ser soterrado en Viveiro e tamén



lle prego a “morte piadosa que aquí, a sombriza dos mesmos amieiros e loureiros onde o meu berce acunouse, poida repousar parasempre”.

Falarei en galego, por que voules a lembrar unha manifestación cultural do medievo, e facíase en galego, ata o rei Sabio falaba galego e quero suponer que cando freí Lope de Galdo, aquel frade dominico prior do Mosteiro de Santo Domingo de Viveiro que fora penitenciario na corte Papal de Benedicto XIII, o Papa Luna, e tamén embaixador da Corte do noso rei Xoan II de Castela no concilio de Basilea, no 1434, cando voltaó a Viveiro e predicou o Desencravo fixoó en galego.

Vou facer miñas as verbas de Celso Emilio Ferreiro encol da lingoa.

*“Eu faloo porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bós que sofren longo
unha historia contada en outra lingoa”.*

Denantes de min un gran persoeiro da *cultura galega*, *Otero Pedraio*, deixou unha peza oratoria impresionante, na nosa lingoa, prégolle a D. Ramón que disimule a miña incapacidade, sintome responsabel e voceiro de tódos-los meus, dende os froiláns a miña nai, que morreú un Venres Santo cando pola praza pasaba o Cristo da Piedade, coído que a Virxen no quixo estar tan soia, e levouna con ella.

Pra ela que tanto me falou das nosas cousas, que me contaba as historias de Sarmiento pois non en balde era de San Cibrao, como os apóstolos, van adicadas estas sinxelas verbas.



Desenclavo años 60



El Encuentro en el año 1961



El Cristo de la Caña año 1956

Si ben no noso entorno atopanse restos moi primitivos e posiblemente o orixen da vila remontase a os románs e a súa “Ponte Vivario”, *Viveiro* como vila amurallada colle entidade a finais do século XII. Era unha vila amurallada no seu contorno, con seis portas, tres hospitais, do que temos noticia do dos Bafos dando nome a rúa da Baufillsa, actual *rúa da abaixo*, dúas igresias intramuros, dous conventos extramuros e mesmo cadafalso ou cadalso con xusticia propia.

A función das portas era de defensa e prevención, utilidade que foi crara na peste negra de 1348, non sufrindo *Viveiro* os estragos doutras vilas como Betanzos por mor de ter unha muralla e lograr aillamento ao fechar as portas. E posible que no Cristo dos Malates estivese ubicado outro dos hospitais para cuarentena dos que chegaban pola Porta da Vila, na que existe unha inscrición de 1210.

A Porta do Valado ou Calexa das Monxas, da que Chao Espina afirma que tratase dunha porta romana e outra das conservadas, e a da ponte, si ben esta está reconstruída en tempo dos austrias Carlos I e seu fillo Felipe II, esta última houbo de ser derrubada polo concello en 1856 según *Donapetry*. Outra porta na *Pontelabrada* era chamada a “*Porta das Angustías*” e no seu timpano estaba ese maravilloso grupo escultórico que hoxe serva de cartel anunciador a *Semana Santa 88*.

Intramuros había en *Viveiro* dúas igresias parroquiais. A de *Santa María do Campo* que conserva a súa estrutura do século XII si ben *Madoz* na súa enciclopedia asenta xa no século IX. Trátase sen dúbida dunha

curiosa igrexa románica con un solo ábside central, con tres naves nunha mesma vertente, con teitume de madeira; o andar e de plano inclinado con unha elevación cara o altar de uns 10º, teima que así mesmo está presente neste mesmo tempore de San Francisco que hoxe nos acouga.

A outra igrexa intramuros era a de *Santiago*, no solar da actual Praza Maior, tamén do século XII, con pranta de tres ábsides e dun estilo románico-bizantino de transición ao oxival con porta principal ao cantón de baixo e laterais a rúa Grande que xunguía a Porta da Ponte coa do Valado. Nesta igrexa celebrábanse as xuntanzas do concello, deteriorouse moito no incendio de “*mil cincocentos coarenta*” reedificándose despois.

Foi derrubada en 1840 a petición do concello de *Viveiro*, nunha errónea interpretación da desamortización de Mendizabal e a parroquia trasladouse a iste tempore de San Francisco, entre as lembranzas que persisten hoxe quero chamar a súa atención sobor do *Cristo dos Mareantes* que se atopa no altar das reliquias da sacristía dista igrexa. Iste Cristo contemporáneo dos Cristos famosos e fermosos en Galicia, como ó de Ourense ou o de Fisterra, ao parecer atopados no mar tirados polos ingleses nas persecucións relixiosas, son Cristos de pelo e barba naturais e o da Fisterra mesmo con pelexo, sin aclarar aínda que se trate de pelexo de animal ou pel de home curtida. Tiñan estes Cristos o seu barbeiro propio que os arranxaba para as festividades maiores. Pouco máis queda da igrexa de Santiago mesmo arquivos, non moi antergos queimados cando a invasión dos franceses.



Procesión del Santo Entierro año 1973

Fora das murallas eran dous os conventos, cecáis demasiado próximos para os gustos daquela, polos perigos de hostigamento que poidesen significar ao seren edificacións moi altas, no caso de guerra.

O convento de *Santo Domingo* no solar da antiga feira, fundado a pouco da chegada de *Sto. Domingo de Guzmán* a Galicia, era de finais do século XIII e foi o motor da cultura na nosa vila. Os dominicos foron os rectores do colexio fundado por *D.ª María Sarmiento de Ribadeneira*, tiña unha importante biblioteca e dous claustros, un mais grande parello o de *Valdeflores* e feito polo mesmo home Diego Ibáñez Pacheco, e outro mais pequeno onde funcionaba a catedral das artes fundada en 1695 por *D.ª Margarita Pardo de Cela* e dábanse grados maiores, miren vostedes por donde en Viveiro tíñamos unha especie de universidade.

D.ª Margarita Pardo de Cela e Montenegro fixera en 1695 un testamento fundando a “*cátedra de las Artes Liberales*” que tiña un período lectivo dende a súa fundación ata 1813, o primeiro dos exclaustamentos dos dominicos en Viveiro. A súa dotación 118 anos despois era pequena, e foi xuntada a do colexio da Latinidade (fundado por *D.ª María Sarmiento de Ribadeneira* en 1597, tamen desfeito e recuperado) en 1889 polo froilán *D. Manuel Froilán López Vilar* que primeiro o instaurou nunha casa de Galcerán na rúa de Abaixo e logo na Praciña da Herba como *Colexio Insigne* todos escoitamos falar.

Insistir que Viveiro a finais do século XVII tiña un colexio e unha academia de Artes Liberais.

O altar maior desta igrexa dos dominicos de Viveiro, tiña 84 relieves que foran traídos de Inglaterra por *D. Xoan Doughton* a primeiros do século XVII. Doughton como todos saben e o fundador do Pazo de Grallal.

Era un templo gótico, mais pequeno que iste pero mellor conservado según os estudiosos do Museo de Mondoñedo. Templo dunha soia nave con tres cruceiros. Foi demolido en 1851 por indicación do concello, o alcalde *D. Felipe Prieto*, que dotou o pobo de andares de granito non chegou a tempo 3 meses despois de impedir a barbarie.

No convento dos dominicos tiñan asentamento diversas cofradías que foron as sementeiras da Semana Santa de Viveiro.

Os dominicos representaban a oratoria, a teoloxía e a cultura superior, eran frades crasistas e a súa veira frorecían cofradías de nobres e fillosdalgos, da que chega a os nosos días a *Cofradía do Rosario*. Eran os responsabeis e promotores do Desencravo. Faciase no altar maior coa mesma imaxe, que o trasladarse a *Sta. María* rachouse lle o pé da cruz para facela menos alta. E unha imaxe arte llada de autor anónimo do século XVI.

Tiñan ao seu carrego a procesión do *Santo Enterro* e tamén a conmemoración da resurrección co descubrimento da Virxen do Rosario liberada dos seus panos negros como síntoma de resurrección.



El Encuentro en el año 1961

Dentro do que significaron os dominicos en Viveiro, non poido pasar por alto o convento de mulleres de *Valdeflores* que si ben foi constituído como cenobio, inicia xa en 1357 un claustro e goza dunha bula do Papa Inocencio VI otorgándolle sitio e chan para súa edificación, nomease na historia da orden de *predicadores* de frai Manoel Xosé de Mediano onde se fala eloxiosamente non soio da paixase sinon da observancia das monxas dando por tempo, fundado a partires dunha ermida e refírese a o ano de 1393.

O outro convento extramuros de frades mendicantes e iste que hoxe como parroquia de Santiago nos acolle.

Foi fundado polos anos de 1218 pouco despois da chegada de San Francisco a Galicia, e que co seu discípulo Cotalai fundara en Santiago o primeiro dos conventos galegos.

D. Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico da Coruña, que os frades e a doutrina de San Francisco, prenderon moi ben na alma galega por presentar un certo panteísmo, di que o falar do irmán Sol, irmá Lúa ou o irmán Lobo, vai moi ben co as antergas tradicións priscilianistas que séculos antes tiveran imprantación na terra e cuías querencias persistían. O mesmo Felipe Senén faloume da tradición franciscana dos cruceiros e vía crucis, contradecendo a Castelao nas *Cruces de Pedra na Galiza* que afirma taxativamente que os cruceiros son góticos e debense as predicacións de San Vicente Ferrer.

Son os franciscanos quen por vocación faranse custodios dos santos lugares, os que van dar pulo a Semana Santa co seu amor e predicación da Paixón de Cristo, é serán iles sen dúbida os que en Viveiro trocan as antergas tradicións dos autos sacramentais, pola representacións mediante as imaxes.

Viveiro era dos bispos de Mondoñedo dende 1112, por donación da raíña D.^a Urraca, e foino ata 1346 en que pasou a xurisdición real, inda que as loitas dos veciños percuraran triunfos menores como os foros propios do sal e do mar en 1173.

Os frades franciscanos ergueron iste temprou nos primeiros do século XIII, si ben ouvo abondosas reformas. Iste ábside exemplar oxival do século XIV, recuperouse hai uns vinte anos, como casi todos os presentes lembrarán, tiña unha cuncha supretoria a dous tercios da base posta en 1646, feita por medo a que ista filigrana de pedra tan espelida non aturara o paso dos anos. O día que un concello de Viveiro limpe iste ábside dos aditamentos que o afean por fora e impiden o degustar toda a su beleza, ise día coído con Gerino Núñez que terán dado un paso para historia da vila.

Eiquí está soterrado o meu veciño, Nicomedes Pastor Díaz Corbelle, que entre outras anécdotas, descubertas nesta percura, atopéi, estivera no leito por mor dunha *artritis*, dictando a biografía do *Duque de Rivas* e outras

obras durante a enfermidade, que foi longa a xulgar polo traballo e da que se recuperou totalmente. Somentes a gota, a fiebre reumática ou unha artritis de tipo venéreo poderían ser as causas da súa doenza, non e lugar iste para profundizar no tema.

Tamén eiquí e con fonda relación co meu oficio, xace a beata *Constanza de Castro*, o segundo dos seus milagres foi a curación dunha muller tolleita pola gota, enfermidade asi mesmo moi relacionada co que eu faigo.

Franciscanos e dominicos xuntos ou en competencia van cadaquen a un xeito facendo a Semana Santa.

A cofradía da Santa Cruz fundada por cregos e cabaleiros e encargada do lavado dos pés e outras ceremonias do Xoves Santo, recibe apoio do bispo frai Antón de Guevara en 1541, cando dí según Cal Pardo "*personas vagabundas se andan en tiempo santo de Quaresma y Semana Santa a hacer representaciones a manera de farsas de mundo, de las cuales se siguen muchos inconvenientes*".

Así mesmo Ogando Vázquez nun estudio sobor da Semana Santa na diocese de Mondoñedo no século XVI, refírese a unhas normas sobor das celebracións evitando as mulleres flaxelarse en publico.

Quero interpretar con isto que houbo en toda a bisbarra autos sacramentais, representacións vivas da Semana Santa, que foron os inicios das figuras moveis (Encontro e Desencravo) e persistindo outras manifestacións como a que conta D. Xosé Pérez Barreiro na mañán do Domingo de Resurrección cun neno colgado dunha



Hoquín San Isidro en la procesión de la Última Cena año 1966

polea erguendo o mantelo, que de panos negros, cubría a Virxen na igrexa dos dominicos.

Ata eiquí un Viveiro medieval descubrindo a súa piedade, cos frades ao fronte, rexeitando autos sacramentais e procesións de flaxelantes para instaurar dun xeito definitivo unha Semana Santa singular e única con dúas manifestacións capitais O Encontro franciscano de Xesús e a súa nai, en presenza de San Xoan e a Verónica como incorporacións posteriores. E un Desencravo monumental cunha cruz de mais de cinco metros. Os franciscanos cos menestrales e o pobo na rúa, os dominicos cos nobres no interior do seu templo.

Donapétrý recolle datos do reverdecemento da Venerable Orden Terceira, herdeira dos bens e xoias das cofradías de Vera Cruz e da Purísima Concepción, en 1733, e o reinicio das procesións compartindo responsabilidades cos cofrades do Rosario ou dos nobres do convento de Santo Domingo. A Terceira Orden segue dende entón a pesares dos avatares do máis variado sino, cando a francesada que arrasou Viveiro en febreiro de 1809, durante tres días e sete horas, a nosa vila foi sometida a saqueo e algúns veciños afusilados nos muros da horta diste convento, na Fonte de Area, monumento popular hoxe afeado por un ridículo escano branco.

Estaba decindo que a Semana Santa como parte importante das tradicións populares de Viveiro sofre avatares e pulos segundo os vaivéns da política e das vidas das xentes, en concreto a francesada que xa cadrou cunha

das épocas de florecemento da Orden Terceira, supuxo así mesmo un importante pulo a raíz da tradición que recolle a intervención divina salvando vidas dos crentes que rezaban a veira do Santo Ecce Homo da capela da Orden Terceira e que hoxe coñecemos como *Ecce Homo dos Franceses*.

E a Terceira Orden de laicos a que foi o encargo a Sarmiento, carpinteiro de ribeira de San Cibrao do paso dos Apóstolos que en 1808 ten a súa presentación.

Ao parecer Sarmiento era un carpinteiro de ribeira que facía barcos para os de San Cibrao, para iren as baleas, e no tempo de inverno cando non podía traballar fora, facía imaxens, o seu obradoiro estaría situado entre as dúas pontes actuais por baixo dos pasos do río e da banda de Lieiro onde siguen a vivir moitos sarmientos.

O porto de San Cibrao, ao que me sinto moi xunxido, tivo sempre sona e importancia polo seu abrigo a caron das illas, os Farallóns e a Anxuela e moi posible que fora un dos abrigos do desembarco dos pelegríns ingleses no *Camiño a Santiago* ou a *San Andrés de Teixido*, de feito a casa colindante coa miña, a dos López-Ríos, fora o antergo Hospital con capela de San Andrés incluída, arredor da que se facía procesión. As terras de Baldeiro entre a Ensenada da Caosa e Roeta foran dadas a outro nobre inglés que coma Boutton arrumbara as nosas costas, e ise e a orixe do actual marquesado de Pedrosa.

Foi Sarmiento así mesmo o autor da Verónica e do San Xoan do Encontro.



Domingo de Ramos hermanos Dorado Solloso 1970



Viernes Santo de 1970



Acto del pregón del 1988

Sigue a Semana Santa cos seus avatares segundo a vida do pobo, a ven a desamortización de Mendizabal e mais tarde o interés mantense por mor do Sr. *Robustiano* ben glosado por Canosa e Gerino Núñez, que se vai adicarlle un estudo, a iste singular personaxe ao que se lle debe a permanencia da Semana Santa da Terceira Orden.

Un craro reverdecimento a primeiros de século con donacións de xente ilustre e adquisición de novas imaxens como o Cristo Xacente do Santo Enterro, María ó pé da Cruz e a Magdalena, todas polo 1908. E a Semana Santa non se interrompe ni nas épocas de anticlericalismo mais feroz, nas eclosións da república era xa unha asociación de laicos nos que primaba mais o amor a Viveiro e as súas tradicións que a política.

De novo en 1944, un chamado grupo de entusiastas, dalle as procesións un definitivo espaldarazo. Xurden novas costumes e xeitos de interpretar que teñen o gran

mérito e a enorme delicadeza de non soio non rexeitar o antergo sino de realzalo. Xentes con visión de modernidade e de futuro cun respecto profundo polas tradicións populares e cunha xusta valoración do noso acerbo cultural, engaden noutro xeito de escenificación da Paixón de Cristo mais as modas da época, pero sin destragar o de sempre, realzalo. Coido que unha das poucas vagadas en que a afición iconoclasta de Viveiro non saliu a luz.

De un xeito audaz, delicado e respetuoso xurden as cofradías do *Cristo da Piedade*, das *Sete Palabras*, do *Prendimiento* e da *Cruz Desnuda*, por primeira vez en Viveiro as mulleres saen a rúa a facer procesión da súa fe. A puxanza que aporta a vistosidade das lumieiras, e dos capirotos, das sedas e das capas, e porque non das mulleres, e un atractivo mais que complementa sin ferir a Semana Santa humilde, inxenua e deliciosa dos frades mendicantes.

E inevitable que eu, neno desta xeneración, nacín naquel ano 44, participei presente nestas manifestacións conteilles a miña versión.

Síntome protagonista, porque a miña casa era o *pretorio* onde *D. Francisco Fraga* espallaba a os ventos a sentenza.

“Ego Poncio Pilatos presidente de la inferior Galilea...”

Mentras a altura non me deu para mirar por riba das galerías vinno por entre os ferros dos balcóns. Eriberto coa súa trompeta, O Nazareno caendo, a Virxen que choraba e o San Xoan que con cara de despiste buscaba o seu papel de discípulo amado.

Foron os mércores de tebras cos roncós, os contos da miña tia Vicenta sobor da negación de Pedro e o galo, o tocarlle os dedos a o Cristo das Sete Palabras que na procesión se lisca dentro da casa, nos derradeiros vaivéns para entrar na praza.

Na nosa casa, como en todas as de Viveiro, era unha actividade febril que escomenzaba semanas antes, cando meu pai traía as palmas que cortaba dunha palmeira que tiña no Río dos Foles, atábanse con coidado e poñíanse a secar nunha lareira para que estiveran amarelas, ben secas e non se rizaran, a mais grande para o meu tío Nicolás o crego de Xuances, que iría a colgar do balcón da *Froilana*, e outra máis pequena para min que era para o balcón da nosa casa, eu choraba porque quería un ramo de loureiro coma Quico.

Denantes das procesións, miña nai e mais a madriña, a tia Edelmira, e as *Catañas*, preparaban os traxes de pai-



Actuación de la Coral de Viveiro en el pregón año 1986



Procesión de la Pasión año 1957



Señoras de la Santa Cruz y de la Acción católica año 1955



La Banda TAU cumplé 40 años, a la izquierda foto de su debut en el Domingo de Ramos de 1977 y a la derecha del verano del mismo año

sano para levar borlas, as mantillas para Encarnita, tesoreira da Cruz Desnuda, para Pilá, Pacola e Fina, a Semana Santa era unha posta de longo das rapazas de Viveiro, meu pai iba no Enterro, Tomás levaba o Palio valdeiro con traxe azul, e Quico de capirote roxo, negro ou morado.

A casa enchíase de xente e de cousas, dende as tortas de *María Crego* ata os pétalos de rosas que traían as monxas de Cristo Rey para tirar por riba dos santos.

Fun monaguillo de *D. José Pérez Barreiro*, levei borlas das Sta. Cruz Desnuda. Lavoume os pés *D. Francisco Fraga* con outros cinco rapaces e seis vellos; auxiliado polo meu amigo *Amado*, fun de bermello, de negro e de morado, levei vela e mais farol e substituí a *Leonardo de Xaral* no primeiro da ringleira un ano que estrenou capa.

Pero tiven outro privilexio, e perdón por falar de min, eu retoquei as imaxes de casi todos os santos desta igrexa.

Meu pai pouco aficionado a folganza das vacacións estudiantis poñíanos a todos dalgún xeito de obriga inda que o aproveitamento fose bon, e a min dadas as miñas malas artes para o dibuxo, encarregoume a *D. Xosé Otero Gorrita* que si ben non foi capaz de facer de min un mínimo dibuxante, deume a oportunidade xunto cos seus fillos Pepe e Juan Luis, con Germán e o Curto, de sentirme partícipe desta realidade que e a imaxinería da Semana Santa de Viveiro.

Coido que nos, os de Viveiro, temos e con razón, sona de *chauvinistas*, e sómolo, pero quen non sería tendo tanta beleza natural e tantas tradicións e historia como temos nos.

A *Semana Santa* creou en *Viveiro*, algo persoal nas xentes. Aqueles mozos que vela en man ordeaban as filas, son hoxe os líderes no concello, no casino, na política ou nas sociedades. Xosé Luis Moar que un día fixo un documental sobor da Semana Santa, hoxe vese vencellado profesionalmente ao medios de comunicación no seu campo da docencia.

Gosta pensar que o home que mellor coñece historicamente esta igrexa e corrixe a os investigadores do obispado, e Manuel Vázquez Chao, o seu sacristán.

E algo máis que o *chauvinismo* dos de Viveiro o que fai trocar vidas e intereses por mor dun acto cultural. É o paso dos séculos o que nos fai sensibles, e desexosos de conservar o noso patrimonio cultural.

A función dun pregoeiro e espallar a os catro ventos a nova do pre-

gón. Neste caso contarlles a todos, creentes ou non, que escomenza a función, que en Viveiro temos unha *Semana Santa* chea de singularidades e de beleza, que queremos conservar e que estamos dispostos a compartir.

Pero teño medo, si trato de establecer un paralelismo entre a destrución progresiva do Viveiro urbán e estas manifestacións, famei tremer pola nosa Semana Santa.

Non temos un museo onde se poidan gardar e conservar todas as manifestacións de Viveiro, e onde as xentes que por investigación, cultura ou herdanza son depositarias do noso acervo cultural colectivo, poidan poñer a disposición de todos, sin perder a titularidade, os tesouros de documentos, onde se conserven dende as imaxes, as reliquias e onde se informe a calesquera interesado, de quen foi Pastor Díaz, Antonio Bas ou Margarita Pardo de Cela.

Xuntémonos e como si de sacar outro paso a rúa se tratara, fagamos co as nosas forzas presión no concello, na Xunta ou onde nos escoiten, fagamos posible un *Museo para Viveiro*.



Presidencia procesión Santo Entierro año 1983



Procesión de Ramos año 1974